

“GRAND PRIX FINANCEIRO” Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.

Convocatoria do programa “Grand Prix Financeiro”, enmarcado dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Fundación Galicia Obra Social para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor, no marco do Plan Eduemprende.

OBXECTIVOS

Esta convocatoria ten por obxecto desenvolver actividades e xogos para que o alumnado aprenda, dun xeito activo e en primeira persoa, as primeiras pautas de como adaptarse a un orzamento e a importancia do aforro na vida.

DESTINATARIOS

Alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

ACTIVIDADES

A través dun taboleiro xigante do xogo da Oca, de 4 x 4 metros, e de diferentes paneis, o alumnado participante traballará conceptos básicos da educación financeira adaptados a súa idade. No xogo da Oca os nenos e nenas, en base a un salario, terán que distribuír o diñeiro e tentar de chegar a fin de mes (distinguindo entre os gastos inescusables e os secundarios).



Pasos do xogo:

1. A fonte dos cartos
2. As árbores dos desexos e as necesidades.
3. Educación financeira – Educación solidaria
4. Unha oficina bancaria: o lugar onde dormen os cartos.
5. O xogo da oca.

SOLICITUDES

As solicitudes enviaranse, dende a conta de correo corporativa do centro, a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co seguinte asunto: "*Solicitud programa Grand prix financeiro 2021-2022*", conforme ao Anexo I.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

Unicamente será admitida unha solicitude por centro.

SELECCIÓN DOS CENTROS

O número máximo de centros que poden participar nesta actividade distribúese do seguinte xeito:

Segundo trimestre	Terceiro Trimestre
5	5

Non hai número máximo de alumnos/as por centro, pero si hai un mínimo de dous grupos por centro escolar (aproximadamente 50 alumnos/as). O alumnado participante distribuirase en subgrupos de 12 alumnos/as.

O xogo da Oca mide 4x4 metros e o resto do stand 6x8 metros. Os centros que realicen a actividade deberán dispoñer dun espazo suficientemente amplo para poder montar o material do xogo.

No caso que o número de solicitudes supere o número de prazas os centros seleccionaranse segundo os criterios:

1. Non ter participado na convocatoria anterior.
2. Número de alumnado participante.

Para esta valoración crearase unha comisión composta por:

- Dúas persoas representantes da Subdirección Xeral de Formación Profesional, unha das cales actuará como presidente/a da comisión de selección.
- Unha persoa representante da Fundación Galicia Obra Social.

TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

O programa comezará a desenvolverse a partir do 11 de xaneiro de 2022 e rematará no mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2021-2022.